



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Area Carracedo, Iván
Cabeza Perciro, M^a Carmen
Fernández Puipiro, Ana
Gago Rodríguez, Alberto
García Mateo, M^a Del Carmen
García Pino, Antonio
González Pillado, Esther M^a
Hernández Sánchez, Jesús
Membriela Iglesia, Pedro
Montero Muñoz, María
Sánchez Bermúdez, Ángel Manuel
Vázquez Otero, María Elsa

DECANOS/DIRECTORES:

Alonso, Bacigalupe, Luis
Araújo Nespereira, Pedro A.
Arias Sánchez, Pedro
Garrido Valenzuela, Irene
González Piñeiro, Luis
Gutiérrez Nieto, Manuel
Íglesias Antelo, Beatriz
Muñoz López, Luis
Ortiz Torres, Luis

Pereira Domínguez, Alejandro
Suárez Pazos, Mercedes
Vidal Vázquez, Ricardo

PDI-A

Barcia Rodríguez, Ignacio
Blanco Pesqueira, Antonia
De Lorenzo Rodríguez, M^a Edita
Domínguez Martín, Jorge
González Vázquez, Encarnación
Martínez Insúa, Ana Elina
Ramos Cabrer, Manuel
Rodríguez Berrocal, Francisco Javier

PDI-B:

Diéguez Castrillón, M^a Isabel

ESTUDANTES

Fariñas Valiña, Iago
Puga Alonso, Javier
Riobó Fernández, Aida
Rodil Fernández, Olalla

PAS:

Cebro Rodríguez, Anxo M.

CONSELLO SOCIAL

Pérez Mato, Federico

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Bernal Gómez, Rosa
López Díaz, María
Tourón Estévez, Sonia
Varela Martínez, Iago

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 21 de decembro de dous mil nove, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e as 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría.

O luns día **21 de decembro de 2009**, ás 10:00 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 19 de novembro de 2009.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, do nomeamento como profesor emérito de D. Luis Espada Recarey.
4. Aprobación, se procede, da modificación do programa especial de consolidación de cadros de profesorado en áreas campus (acordo de Consello de Goberno de data 10/03/09).
5. Aprobación, se procede, das normas básicas de POD para o curso 2010-2011.
6. Aprobación, se procede, dos plans de estudo dos seguintes graos: Comercio; Infonomía; Ciencias Ambientais; Enxeñaría en Química Industrial; Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática; Enxeñaría Eléctrica; Enxeñaría Mecánica; Enxeñaría en Organización Industrial; Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais; Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Obras Subterráneas; Enxeñaría da Enerxía.
7. Aprobación, se procede, dos seguintes mestrados oficiais: Dirección de Arte en Publicidade; Creación, Desenvolvemento e Comercialización de Contidos Audiovisuais; Necesidades Específicas de Apoio Educativo; Arte Contemporánea, Creación e Investigación; Interpretación de Conferencias; ~~Tradución Multimedia;~~ Oceanografía; Ciencia e Tecnoloxía de Conservación de Produtos da Pesca; Biodiversidade e Ecosistemas; Biotecnoloxía Avanzada; Integración Económica Rexional e Políticas Comunitarias; Máster universitario en Administración e Dirección de Empresas (MBA).

8. Aprobación, se procede, do programa de doutoramento en Endocrinoloxía.
9. Informe sobre xeración de crédito
10. Aprobación, se procede, de transferencias de crédito entre programas de gasto.
11. Aprobación, se procede, dos importes e aplicacións para incorporacións de remanentes de libre disposición.
12. Aprobación, se procede, da achega da Universidade de Vigo á Fundación Galega para a Sociedade de Coñecemento.
13. Aprobación, se procede, do proxecto de orzamento da Universidade de Vigo para o ano 2010.
14. Ratificación, se procede, do acordo de desenvolvemento das festas dos patróns dos centros.
15. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Anexo ao protocolo de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Instituto Politécnico de Viana do Castelo – Convenio marco de colaboración entre la Universidad Autónoma de Occidente e a Universidade de Vigo – Convenio específico entre la Universidad Autónoma de Occidente e a Universidade de Vigo – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad de Antioquía – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidad de Antioquía (Colombia) para el intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Autónoma del Caribe – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Austral de Chile.
16. Elección para cubrir unha praza vacante do sector de estudantes na Comisión de reclamacións a prazas de profesorado contratado.
17. Elección para cubrir as seguintes vacantes nas comisións delegadas do Consello de Goberno: Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes (1 membro do PDI e 1 membro do Consello Social); Comisión de Investigación (1 membro do PDI); Comisión de Organización Académica e Profesorado (1 membro do PDI).
18. Rogos e preguntas.

Punto 1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 19 de novembro de 2009.

O Sr. Cebro fai una intervención relativa á posible rectificación na acta nunha intervención da xerente da Universidade. A secretaria xeral contesta que, de acordo co Regulamento de Réxime Interno de Consello de Goberno, as peticións de rectificación da acta deben presentarse con 24 horas de antelación ao inicio da sesión e que neste caso non se presentou ningunha.

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Informe do reitor.

Dá, en primeiro lugar, o reitor a benvida aos tres novos membros de Consello de Goberno: D^a Camiño Noia Campos (Directora do Departamento de Filoloxía Galega e Latina), D. Pedro Araújo Nespereira (Decano da Facultade de Ciencias de Ourense) e D. Manuel Gutiérrez Nieto (Director da EU de Fisioterapia de Pontevedra).

Informa tamén de dous nomeamentos:

D. Emilio M Fernández Suárez, como Comisionado para a creación do Centro Atlántico de Investigacións Mariñas, e D. José María Pou Saracho como Director do Centro de Investigación Tecnolóxico Industrial.

Tamén informa o reitor sobre a iniciación dos traballos para a presentación dunha proposta da Universidade á convocatoria de Campus de Excelencia Internacional 2010, sendo o responsable da mesma D. Emilio Fernández Suárez. Para este fin se ten creada unha comisión técnica e se espera ter a proposta resolta no mes de marzo.

Refírese tamén o reitor a que se teñen recibido dous acordos das Escolas Superior de Enxeñaría Industrial e Técnica Industrial notificando a aprobación da iniciativa de creación dun centro único que se denominará Escola de Enxeñaría Industrial. A partir deste momento ten que seguirse un procedemento para elaborar a correspondente memoria coa motivación da creación do novo centro, o que permitirá seguir despois os pasos deste tipo de iniciativas.

Tamén hai unha iniciativa de cambio de denominación do centro da Escola de Fisioterapia por Facultade de Fisioterapia, o que se tramitará no momento en que os Estatutos estean aprobados pola Xunta de Galicia e publicados no DOG, xunto co resto das iniciativas deste tipo doutros centros.

Punto 3. Aprobación, se procede, do nomeamento como profesor emérito de D. Luis Espada Recarey.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen sinala que por parte da COAP, reunida o 17 de decembro de 2009, dáse o informe favorable para o nomeamento de D. Luis Espada como profesor emérito atendendo ao seu curriculum vitae, e con gran énfase á labor institucional desenvolvida polo Prof. Espada, primeiro reitor desta institución.

Ao mesmo tempo a COAP considera que debe traballarse o antes posible nunha normativa de nomeamento de eméritos que regule o acceso a esta figura. No caso de hoxe a COAP non tivo dúbidas respecto da adecuación do Prof. Espada, pero sería desexable establecer uns criterios claros para o futuro.

Apróbase por asentimento.

Punto 4. Aprobación, se procede, da modificación do programa especial de consolidación de cadros de profesorado en áreas campus (acordo de Consello de Goberno de data 10/03/09).

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización e Profesorado quen sinala que con posterioridade á aprobación (por asentimento) do programa especial de consolidación de cadros de profesorado en áreas campus neste Consello de Goberno, o Equipo de Goberno adquiriu o compromiso de revisar o mesmo e negociar posibles melloras cos órganos de representación sindical do PDI. En cumprimento do dito compromiso producíronse dúas reunións coa mesa de negociación na que están representados os comités de empresa do PDI laboral e máis a Xunta de PDI-funcionario. Alcanzouse o acordo que

traemos hoxe a este Consello de Goberno, acordo referendado tamén pola COAP de 18 de Novembro de 2009.

A modificación consiste en incluír no cómputo de capacidade docente no consolidable durante os cursos 2006-07, 2007-08 e 2008-09, aparte da capacidade do profesorado axudante e asociado, a capacidade do profesorado propio e visitante que non xerara praza consolidable e a docencia impartida polo profesorado interino agás que o motivo fose a cobertura docente por baixas temporais doutro profesorado.

Como resultado, elaborouse unha táboa que recolle a capacidade total non consolidable efectiva para o programa por área e campus, táboa que quedaría recollida no anexo II para maior claridade.

Apróbase por asentimento.

Punto 5. Aprobación, se procede, das normas básicas de POD para o curso 2010-2011.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen expón que as normas básicas para o POD do curso 2010-11 que se someten hoxe a discusión no Consello de Goberno están baseadas nas do curso precedente e contan co informe favorable da COAP de 18/11/09. As características xerais ou novidades son as seguintes:

A saída a concurso de prazas de profesorado con categoría de axudante doutor ou superior, están condicionadas ao cumprimento dos criterios establecidos no programa de consolidación de cadros de profesorado de vixencia trianual cuxa modificación acabamos de aprobar.

Para que unha nova praza poda ser de catedrático de universidade, ao criterio anterior debe engadirse o cumprimento do criterio A do acordo de Consello de Goberno sobre aceso a cátedra. É dicir, que a porcentaxe de catedráticos non supere o 25% do profesorado con vinculación permanente. Isto non impide seguir cos procesos de promoción a cátedra do noso profesorado acreditado como ata agora, aquí refírese exclusivamente a novas prazas.

Engádese este ano un parágrafo que ven a solicitar aos departamentos unha especial atención á docencia a principios de curso, que non debería quedar supeditada á resolución de novas prazas, cuxos prazos veñen sendo moi xustos, senón que debe asegurarse co profesorado xa dispoñible.

Non hai modificacións nos apartados de requisitos dos candidatos, cobertura de docencia vacante por circunstancias extraordinarias e participación na docencia co persoal contratado en programas de investigación.

A principal novidade é a apertura de novo da figura de axudante, sempre vinculada á necesidades de formación doutoral e a existencia de créditos consolidables na área e campus con dificultades para contratar doutores. Se ben non é unha figura consolidable segundo o regulamento de profesorado e o convenio colectivo do PDI-laboral, asegúrase o uso da figura de axudante exclusivamente en áreas e campus nas que a expectativa de carreira académica é boa. Establécense no texto as condicións requiridas para asegurar todo isto:

- Existencia de créditos consolidables e conxelación dos mesmos ata a finalización do contrato do Axudante ou acreditación do mesmo.
- Acreditación de capacidade de formación doutoral.
- Límite de prazas: unha por área e 12 en total como máximo.
- Incompatibilidade de optar ao programa de bolsas e contratos predoutorais do programa de formación en áreas con especial dificultade naqueles casos que opten pola vía do Axudante.

Ábrese unha quenda de intervencións.

O Prof. Ramos, ao marxe de consideración menores sobre as novidades, adianta o voto en contra do seu grupo, en canto as normas de POD deben incluír todas as actividades docentes. Alégranse de que se considere de novo a figura de Axudante; comenta, en relación ao persoal contratado con cargo a programas de investigación, que debería respectarse o seu dereito a dar clase pero no campus onde haxa docencia; en determinadas áreas se chega a situacións de que os funcionarios están con cero créditos porque hai contratados con cargo a proxectos que asumen toda a docencia, entende que deberían poñerse límites. Reitera que a súa postura global é de voto en contra.

O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado expón que o Consello de Goberno ten incluído nas normas de desgravacións a docencia en posgrao. Considera que en relación á figura de Axudante se está dando un paso con cautelas para que esta figura poida darse onde fai falla e con garantías de futuro. En canto aos contratados con cargo a programas, debe recordarse que son figuras de investigación e que imparten docencia con carácter voluntario de acordo co seu grupo, de xeito que obrigarlles a impartir docencia noutro campus ten pouco sentido. En cambio, cando se crea unha praza correspondente a programas de promoción, poderían tomarse decisións noutro sentido, pero isto debería regularse no futuro regulamento de profesorado. Considera que debería buscarse un punto de equilibrio cando se trata de contratados con cargo a programas en áreas nas que os profesores con vinculación permanente teñen pouca docencia. E reitera que isto debería regularse no Regulamento de profesorado.

O reitor engade que podería facerse un encargo á COAP para que nos supostos nos que se produce algunha situación extrema, que pida ao departamento a correspondente explicación.

Procédese á votación das normas de POD:

Votos a favor: 25

Votos en contra: 4

Abstencións: 6

Apróbanse por maioría as normas de POD.

Punto 6. Aprobación, se procede, dos plans de estudo dos seguintes graos: Comercio; Infonomía/Consultoría e Xestión da Información; Ciencias Ambientais; Enxeñaría en Química Industrial; Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática; Enxeñaría Eléctrica; Enxeñaría Mecánica; Enxeñaría en Organización Industrial; Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais; Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Obras Subterráneas; Enxeñaría da Enerxía.

Teñen sido invitados, a decana Fac. CC. Empresariais e Turismo e o Dir. E.U. de Estudos Empresariais.

Teñen solicitado asistencia os Profs. Vaamonde Liste e Lorenzo Paniagua, as Prof^{ts}. Riveiro Pérez, Currás Valle e González Crespán, e os Srs. Rodríguez Fernández, Cid Rodríguez e a Sra. Álvarez González.

Cédese a palabra á vicerreitora de Titulacións en Convergencia Europea quen en primeiro lugar agradece a todas as xuntas de titulación o seu esforzo e traballo para chegar a acordos e poder presentar estas memorias de grao. Seguidamente, fai relación a todos os títulos: Comercio; Consultoría e Xestión da Información; Ciencias Ambientais; Enxeñaría en Química Industrial; Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática; Enxeñaría Eléctrica; Enxeñaría Mecánica; Enxeñaría en Organización Industrial; Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais; Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Obras Subterráneas; Enxeñaría da Enerxía.

Indica que todos eles cumpren a normativa vixente tanto nacional como autonómica e da Universidade de Vigo. Todas eles teñen informe favorable da COAP e da Comisión Académica do Consello Social e se ten obtido a autorización da Xunta de Galicia para a súa remisión ao Consejo de Universidades.

En canto á autorización do envío ao Consejo de Universidades, a Secretaría General de Universidades remitiu un escrito indicando que, en relación ao título de Infonomía, esa autorización viña condicionada polo cambio de denominación da titulación, en concreto “Consultoría e Xestión da Información” que é a denominación inicialmente aprobada polo Consello Galego de Universidades.

Ábrese unha quenda de intervencións.

O Prof. Ramos se suma ás felicitacións ás xuntas de titulación e adianta que o seu grupo vai apoiar estes títulos pero como membro da COAP sinala que se fixeron algunhas recomendacións sobre o número de alumnos e quere saber se xa se rectificaron as memorias.

O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado sinala que isto non afecta ás memorias dos títulos senón que se facían unha serie de consideracións relativas ás condicións do encargo docente.

O Prof. Pereira se une á felicitación feita pola vicerreitora, pero entende que ela non foi flexible na aplicación da normativa da Universidade e iso trouxo como consecuencia que se chegara ao absurdo de unir materias moi distintas. Anuncia a súa abstención.

O Prof. Muñoz pregunta pola razón de que dúas titulacións que levan case a mesma denominación como pode ser tecnoloxías industriais e organización industrial non teñan atribucións profesionais.

O Prof. González Piñeiro contesta ao Prof. Muñoz de acordo co establecido nas fichas publicadas no BOE.

A Sra. Álvarez González pon de manifesto o rexeitamento por parte dos alumnos da Xunta de Titulación de Enxeñaría Industrial, dos títulos de Enxeñaría Mecánica, Enxeñaría Eléctrica e Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática, debido á unión de materias de 4,5 créditos, de moi distinto carácter, o que prexudica aos alumnos.

O Prof. Vidal insiste na mesma liña da Sra. Álvarez González e o Prof. Pereira en relación á norma da Universidade que obriga a que as materias teñan unha extensión mínima de 6 créditos o que obrigou a unir materias moi dispares. Tamén refírase ao Grao en Tecnoloxías Industriais indicando que el votou en contra na Xunta de Titulación en canto parece que se quere formar un enxeñeiro que valga para todo se fai esta titulación máis un máster. Isto ven motivado pola norma estatal. Por iso non pode votar a favor agora pero tampouco en contra, por iso se vai abster.

O Sr. Puga felicita aos alumnos polo traballo nas xuntas de titulación e tamén, en relación ao Grao en Comercio, expresa o interese dos membros da Delegación de Alumnos da Escola Universitaria de Estudos Empresariais en que se aprobe o título de Grao en Comercio.

O Prof. González Piñeiro fai referencia a un problema técnico relativo á denominación dos títulos de enxeñaría, en concreto sobre a denominación do Grao en “Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática”, ao que debe engadírselle a preposición “en”.

A vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea sinala que cando se trata de normativa expresa e explícita non poden facerse excepcións. Fíxose un gran esforzo para cumprir prazos e sería preciso un pouco de tempo máis para resolver algúns detalles dos que se faláron aquí. A normativa onde se prevé que as materias non poden ter menos de 6 créditos se aprobou por todos en Consello de Goberno e todos os centros a cumpriron coas súas dificultades. Hai que pensar que é necesario remitir os plans agora, pero ata que cheguen ao BOE faltan moitos trámites, porque primeiro chegará un informe provisional sobre os títulos. Se podería traballar estes próximos meses. Agora podería adoptarse un acordo no Consello de Goberno para que a Xunta de Titulación poda resolver esta cuestión e que os alumnos estean de acordo.

O reitor recorda que cando se aprobou a normativa de grao quedou claro que se trataba de non ter materias pequenas que dificultaban o calendario e prexudicaban aos alumnos e así se puxo un límite para todos. É o que se foi cumprindo por todos. Se nos tres títulos se pode chegar a un acordo que deixe tranquilos a todos, sería bo delegar na vicerreitora a posibilidade de buscar unha solución que beneficie a todos e cumpra a normativa vixente.

A vicerreitora sinala que os problemas concretos están reflectidos nas actas de Xunta de Titulación nas titulacións de Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática, Enxeñaría Eléctrica e Enxeñaría Mecánica.

Debátese sobre o contido da autorización, e a vicerreitora sinala que do que se trata é de dar acomodo á petición dos alumnos que xa votaron en contra na Xunta de Titulación.

Solicita tamén ao Consello de Goberno que se delegue nas Xuntas de Titulación e na Vicerreitoría a corrección de erratas de índole menor e contestación aos informes das Axencias de Avaliación.

Apróbanse por asentimento.

Punto 7. Aprobación, se procede, dos seguintes mestrados oficiais: Dirección de Arte en Publicidade; Creación, Desenvolvemento e Comercialización de Contidos Audiovisuais; Necesidades Específicas de Apoio Educativo; Arte Contemporánea, Creación e Investigación; Interpretación de Conferencias; Tradución Multimedia; Oceanografía; Ciencia e Tecnoloxía de Conservación de Produtos da Pesca; Biodiversidade e Ecosistemas; Biotecnoloxía Avanzada; Integración Económica Rexional e Políticas Comunitarias; Máster universitario en Administración e Dirección de Empresas (MBA).

Cédese a palabra á vicerreitora de Titulacións en Convergencia Europea quen expón que se trata de ir completando a oferta de mestrado desta universidade con 12 novas propostas, 7 de carácter profesionalizantes e 5 investigadores. Todos eles cumpren a normativa vixente tanto nacional como da comunidade autónoma e da Universidade, teñen informe favorable da Comisión de Estudos de Posgrao e da Comisión Académica do Consello Social. Ademais contan coa autorización da Xunta de Galicia para a súa remisión ao Consejo de Universidade.

Ábrese unha quenda de intervencións.

O Prof. Ramos quere deixar constancia de que non están de acordo co procedemento de aprobación dos másters, creen que debería haber unha planificación dos mesmos.

Apróbanse por asentimento.

Punto 8. Aprobación, se procede, do programa de doutoramento en Endocrinoloxía.

Cédese a palabra á vicerreitora de Titulacións en Convergencia Europea quen sinala que se trata dun programa de carácter interuniversitario coa Universidade de Santiago e tendo en conta os distintos ritmos procedimentais que segue a Universidade de Santiago, este programa de doutoramento non se presentou para a súa aprobación a este Consello de Goberno xunto cos demais programas na nosa Universidade. Trátase neste momento de cumprir as formalidades legais en relación a este programa.

Apróbase por asentimento.

Punto 9. Informe sobre xeración de crédito.

Cédese a palabra á xerente quen, segundo o artigo 7.3 das Normas de execución do orzamento para o exercicio 2009, dá conta das xeracións de crédito realizadas ao abeiro de convenios ou resolución de entidades públicas que se recollen no **anexo I**.

Apróbanse por asentimento.

Punto10. Aprobación, se procede, de transferencias de crédito entre programas de gasto.

Cédese a palabra á vicerreitora de Economía quen expón as transferencias de crédito entre programas de gasto, da aplicación 0000 311V 215 á aplicación 0000 421S 359 por valor de 25.000 €.

Apróbanse por asentimento.

Punto 11. Aprobación, se procede, dos importes e aplicacións para incorporacións de remanentes de libre disposición.

Cédese a palabra á vicerreitora de Economía quen expón que se trata de incorporar remanentes de libre disposición para proceder á ampliación de capital da sociedade Cidade Universitaria S.A. (CUSA) por importe de 463.970 €, á que acudiron unicamente a Universidade e Caixanova, pero non os restantes socios.

O Prof. Berrocal sinala que, de acordo coa súa postura de non incorporar máis cartos a CUSA, van votar en contra deste punto.

O reitor recorda que a postura do Prof. Legido era incorporar CUSA á Universidade ao que el contestou que era máis axeitado facelo de forma progresiva, e esta proposta que se fai hoxe vai nesa liña.

Debátese sobre o tema entre o reitor e o Prof. Berrocal.

Procédese á votación deste punto:

Votos a favor: 21

Votos en contra: 4

Abstencións: 6

Apróbase por maioría.

Punto 12. Aprobación, se procede, da achega da Universidade de Vigo á Fundación Galega para a Sociedade de Coñecemento.

Cédese a palabra á vicerreitora de Economía quen sinala que se trata de facer a correspondente achega por parte da Universidade á Fundación Galega para a Sociedade de Coñecemento (9.000 €).

Apróbase por asentimento.

Punto 13. Aprobación, se procede, do proxecto de orzamento da Universidade de Vigo para o ano 2010.

Cédese a palabra á vicerreitora de Economía que fai a exposición que se recolle como **anexo II**.

A vicerreitora comunica que hai unha modificación técnica no documento enviado co seguinte cambio no Título VIII: do Control Interno artigo 38, quedaría redactado da seguinte maneira “O límite mínimo para o exercicio da fiscalización previa do gasto é de 18.000 € máis IVE”, engade que este proxecto de orzamentos foi aprobado pola Comisión de Economía o día 15 de decembro de 2009.

Finaliza a súa intervención coa solicitude de autorización aos membros de Consello de Goberno para a corrección de erratas que non alteran o sentido xeral dos orzamentos.

Ábrese unha quenda de intervencións.

O Prof. Ramos sinala que o orzamento reflicte políticas e este é continuísta, aínda que se cambian cantidades de acordo co novo marco económico. Parece ben que o esforzo se faga en Capítulo I, alégranse de que aparezan garderías, ou o plan de igualdade, pero hai políticas nas que non están de acordo. Así, non están de acordo co plan de desgravacións ou o plan de promoción que debe tender a un equilibrio entre áreas. Todas estas políticas inaxeitadas dan lugar a que se vote en contra. Non están de acordo coa redución da partida dos fondos de biblioteca, nin coa externalización do centro de linguas. Tampouco están de acordo co tema dos remanentes que cada ano se recollen nos orzamentos, pregunta que está pasando con isto.

O Sr. Cebro se abstivo na Comisión Económica pero aquí vai votar en contra. Veñen dun plan de financiamento 2005-10 que no seu momento foi un éxito. A pregunta que se fixo na Comisión de Economía e que está sen contestar é sobre as tarxetas dos alumnos do Banco de Santander e onde está o ingreso. E tamén onde están os dous euros do sobre da matrícula. No Capítulo I non ven desglosado o salario do PAS-funcionario e o PDI-funcionario, e se viñera desglosado se vería reflectido o aumento, e se se está aportado o 1,5% da masa salarial para acción social. En canto as cantidades para produtividade de 2010, aclara que a produtividade ven dun acordo co reitor como unha compensación pola perda de poder adquisitivo, en 2006 se chegou a un acordo con Xerencia e se asinou que fora mensual e consolidado. No PAS-laboral púxose en salario base. As cifras que el manexa non coinciden coas da Xerencia e fai referencia a datos concretos. En relación á consolidación de emprego, considera que o que inclúe son as prazas da OPE que xa estaban orzamentadas. En cambio si

hai aumento para o equipo xerencial. Reitera o gasto excesivo da Xerencia. Fala tamén dos problemas derivados da implantación de Xescampus.

O Sr. Fariñas felicita á vicerreitora polo aumento do 18 % nas becas e tamén polos 2 millón de euros dedicados a extensión, pero preocúpalle o tema dos horarios de biblioteca e pregunta se aquí se prevé nalgunha partida este tema.

A vicerreitora de Economía sinala que este orzamento está feito dentro dun marco financeiro complicado e efectivamente é continuísta no sentido de que non da para grandes apostas, pero si se reforzan determinadas políticas e se fai un gran esforzo en materia de bolsas. En canto á externalización do Centro de Linguas, este feito non significa que se perda o control. En canto o orzamento para fondos bibliográficos, a cantidade é o resultado da proposta do director da biblioteca dentro das marxes orzamentarias e sempre tendo claro que o servizo non se vai ver resentido. En canto aos remanentes, unha contía importante do remanente procede do exercicio anterior, e se fixo un gran esforzo para non tocalo en previsión de dificultades financeiras para 2010. Outra parte importante provén daquelas obras, que estando orzamentadas en 2009 sufriron retraso e que volven a ser orzamentadas no 2010, como por exemplo o MTI e o CACTI, de aí é de onde ven ese remanente.

En canto ás cuestións suxeridas polo Sr. Cebro, sinala a vicerreitora que no 2010 se remata un plan de financiamento que estaba moi ben deseñado e que permitiu situar á Universidade onde está. O momento actual de crise económica provocou un recorte importante nos recursos financeiros polo que a situación cambia, provocando que o financiamento incondicionado non sexa suficiente nin para cubrir o Capítulo I. En canto aos criterios para orzamentar as distintas partidas do Capítulo I, son aqueles con que se realizan as previsións dende os propios servizos e, polo de agora, non se teñen provocado situacións de falta de liquidez nas partidas.

A xerente clarexa determinadas cuestións, así as taxas de matrícula están recollidas nun decreto da Xunta, tamén están as normas de xestión de matrícula deste ano e do anterior e en caso de dúbidas de interpretación, sempre se adoptaron criterios a favor do alumnado. A xerente sinala que remitirá o informe sobre a aplicación das taxas a todos os membros de Consello de Goberno para o seu coñecemento. No seu momento, se farán alegacións á Xunta de Galicia sobre as taxas para a mellora do texto.

Refírese tamén ao tema de acción social sobre se cumpre ou non o establecido no Convenio Colectivo, sinalando que é do 2% da masa salarial. En canto á produtividade, indica que é do PAS-funcionario non do PAS-laboral, en canto é unha produtividade fixa que se paga de forma mensual. Nos orzamentos están recollidos os compromisos firmados de promoción dos PAS-funcionario e dos PAS-laboral nunha partida de 500.000 euros ademais doutras. Por último, en canto ás retribucións da xerencia no hai incremento algún nos salarios.

A vicerreitora de Economía, en canto á pregunta do Sr. Fariñas sobre se está contemplado orzamentariamente unha partida para a apertura de bibliotecas, sinala que neste momento está en marcha un proxecto piloto para garantir o servizo aos alumnos.

Sr. Fariñas sinala que unha cousa é ter abertos os centro e outra que a biblioteca estea aberta cun vixiante de seguridade. Entende que a apertura de biblioteca é fundamental porque se gañan horas pero non calidade.

O Sr. Cebro fai referencia á apertura de biblioteca e a preocupación do persoal sobre se se vai abrir cun vixiante de seguridade. En canto a Xescampus e os decretos da Xunta non se fai referencia ao sobre de matrícula e o seu custe de dous euros. Fai referencia ao funcionamento concreto de Xescampus e o problema de ter que matricularse por curso completo.

En relación ao desglose do salario do PAS-funcionario non aparece nos orzamentos como si aparece no PAS-laboral, o que é importante para ver o crecemento e tamén para calcular o 1.5 % da masa salarial para a acción social. Reitera o tema do custe de Xerencia en canto hai un aumento de mais de 90.000 euros, pregunta a onde vai.

O reitor sinala que, en relación á Xerencia, é unha aposta súa persoal. Isto é atacado por Xan Cebro sistematicamente pero se vai modulando. Primeiro foi o salario da xerente, en canto se entera que noutras universidades se cobraba máis e tamén nesta no 2006; despois xa non foi o salario da xerente senón da Xerencia que era monstruosa. Entón se viu como na USC hai varios vicexerentes e directores de área con contratos de alta dirección. No mesmo sentido, segue aludindo o reitor a máis exemplos noutras universidades. Máis adiante o problema xa foi o equipo xerencial, e fala dos adminsitradores de centro, figura pola que leva loitando anos.

O Sr. Cebro recorda a lectura polo reitor do escrito de CCOO e UXT. Sinala que cando foi ao Faro e Vigo, os datos que se deron foron os dos orzamentos e o periodista publicou o que estimou axeitado. Fala doutros exemplos distintos doutras universidades, como por exemplo, Coruña. Ademais, se refire á profesionalización da xestión, o que non fixo ninguén. Recorda a execución a sentenza da RPT.

Procédese á votación dos orzamentos:

Votos a favor: 21

Votos en contra: 5

Abstencións: 3

Apróbanse por maioría os orzamentos que figuran no **anexo III**.

Punto 14. Ratificación, se procede, do acordo de desenvolvemento das festas dos patróns dos centros.

Cédese a palabra á vicerreitora de Extensión Cultural e Estudantes quen expón o contido concreto do texto que se recolle no **anexo IV**, así como os antecedentes que deron lugar a este acordo.

Ábrese unha quenda de intervencións.

O Prof. Vidal sinala que fai dez anos se facían as festas nos centros e había desfeitas; polo contrario, a praza de Miralles é dura e é difícil que poida haber desfeitas. Non entende por que non se poden facer na praza Miralles. Se hai que facelas deben ser en Miralles.

O Prof. González Piñeiro expón que este é un tema que ven de lonxe. O botellón ten que desaparecer e as festas débense facer. Fai referencia ao acontecido na festa de alumnos de Minas. Engade que na Escola Técnica Superior de Enxeñeiros Industriais teñen un acordo de Xunta de Centro de que as festas non se fan no centro e ata que se modifique ese acordo non poden facerse no seu centro.

O Sr. Puga alega que dende o alumado se atopou que existía un problema e se propuxo facer unha reunión de tódalas delegación de alumnos para buscar unha solución e nesta xuntanza se chegou a este acordo. Trátase de que toda a comunidade universitaria participe na celebración e a organización como consta no texto. Trátase de que se desenvolvan as festas nos arredores dos centros e se porán en contacto coa vicerreitoría con competencia na materia. Dende o alumnado tentarán que se actúe con responsabilidade para que non se produzan as situacións doutros tempos. Solicita que isto se aprobe aquí.

A vicerreitora de Extensión Cultural e Estudantes sinala que as celebracións de praza de Miralles eran moi problemáticas e recorda que se trata de festas de centros e non doutro tipo de festas. Solicita a colaboración das direccións dos centros para que os alumnos poden celebrar unha festa universitaria.

Prof. Vidal sinala que o cambio de lugar de celebración das festas non resolve o problema, pero pide que se sopesen onde produce menos desfeitas.

Recorda o reitor que se trata de buscar unha alternativa a Miralles debido a que os servizos de urxencias atendían a 20 menores con coma etílico. Non era unha festa universitaria, non era a festa dos alumnos dun centro senón outra cousa. Trátase de buscar unha alternativa á celebración dos patróns dos centros. E indica que xa houbo algunha experiencia onde o protagonismo o tiveron os representantes dos alumnos e non saíu mal. É necesaria a implicación de todos: direccións dos centros, vicerreitoría e representantes de alumnos.

A intervención do Prof. Alonso Bacigalupe vai na mesma liña que a do reitor en canto se trata de facer unha festa académica e conseguir que sexa outro tipo de festa. Así pon o exemplo da Facultade de Filoloxía.

Debátese entre o Prof. Piñeiro e a vicerreitora sobre a existencia dun documento presentado por alumnos do paso de ecuador, documento que a vicerreitora descoñece.

O Prof. Piñeiro sinala que se abstén en canto ten un mandato da súa Xunta de Centro noutro sentido, pero pon de manifesto a súa disponibilidad para chegar a acordos.

Apróbase por asentimento.

Punto 15. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Anexo ao protocolo de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Instituto Politécnico de Viana do Castelo – Convenio marco de colaboración entre la Universidad Autónoma de Occidente e a Universidade de Vigo – Convenio específico entre la Universidad Autónoma de Occidente e a Universidade de Vigo – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad de Antioquía – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidad de Antioquía (Colombia) para el intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Autónoma del Caribe – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Austral de Chile.

Apróbanse por asentimento.

Punto 16. Elección para cubrir unha praza vacante do sector de estudantes na Comisión de reclamacións a prazas de profesorado contratado.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que non hai candidatos presentados.

Punto 17. Elección para cubrir as seguintes vacantes nas comisións delegadas do Consello de Goberno: Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes (1 membro do PDI e 1 membro do Consello Social); Comisión de Investigación (1 membro do PDI); Comisión de Organización Académica e Profesorado (1 membro do PDI).

Sinala a secretaria xeral que non hai que facer votacións porque hai un candidato para cada praza vacante. Os novos membros das comisións son os seguintes:

- Na Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes: Julio Castela Martínez polo Consello Social e Manuel Gutiérrez Nieto polo sector PDI.
- Na Comisión de Investigación: Pedro A. Araújo Nespereira polo sector PDI.
- Na Comisión de Organización Académica e Profesorado: M^a. Camiño Noia Campos polo sector PDI.

Punto 18. Rogos e preguntas.

Sr. Cebro pregunta como vai a promoción interna de Biblioteca, en que situación está en canto levan anos esperando.

A xerente contesta que está preparado para remitir ao DOG.

Continúa o Sr. Cebro, pregunta como está a promoción de A1 a A2 de administración. A xerente contesta que está case rematado o proceso do grupo.

Pregunta polo incumprimento do decreto das Comisións de Servizo, en canto hai xente que leva máis do prazo previsto legalmente. A xerente, co concurso de traslados, resolveu este tema e neste momento no hai practicamente ningunha. Esta Xerencia no fixo ningunha comisión de servizos que superase o marco legal.

O Sr. Cebro fai referencia a supostos concretos de comisións de servizo que non cumpren a normativa.

A Prof^{ta}. Blanco fai referencia ás intervencións que se veñen producindo ultimamente nas sesións de Consello de Goberno. Entende que todos debemos ser responsables e roga que así sexa.

O Prof. Muñoz refírese aos resultados dos alumnos da Universidade de Vigo fronte aos resultados do resto do SUG. Bota de menos unha análise seria de que ocorre no sistema.

Debátese sobre o tema entre o reitor e o Prof. Muñoz.

A vicerreitora de Estudantes sinala que algunhas ferramentas dos centros como os plans de acción tutorial deben ser utilizadas para paliar esas situacións. Os centros teñen un papel importante.

O reitor recorda que quen intentou pola vía punitiva resolver esta situación, non resolveu nada. Necesitamos un cambio cultural nos profesores e estudantes. Hai profesores para os que non existe o sobresaínte e presumen diso. Hai deformación en aras dun presunto prestixio. Debe tratar de influír e convencer.

O prof. Muñoz considera necesario un debate sobre o rol do profesor neste momento aproveitando que estamos implantando o EEES.

O Sr. Fariñas solicita que se defenda por parte da Reitoría o Máster en Información Técnica do Medicamento, que foi informado desfavorablemente pola ANECA.

A Vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea confirma que efectivamente a ANECA informou desfavorablemente o recurso de reclamación e a Universidade tentará resolver esta situación.

Debátese sobre o tema entre o Sr. Fariñas e a Vicerreitora.

O Sr. Fariñas reitera o tema das Bibliotecas e centrándose no caso de Ourense sinala que houbo unha reunión cos estudantes, o vicerreitor e a directora de área, a proposta era pechar á unha da mañá e neste campus non foron case alumnos a estudar porque non hai manuais e non hai condicións axeitadas para elo. Hai unha boa biblioteca pero se pecha e non hai horarios axeitados. Entende que é un problema orzamentario, pero sen embargo despois se convoca un concurso de intervención artística cun premio de 3.000 euros. Considera que debe priorizarse e dar os servizos aos alumnos.

Reitera o Sr. Fariñas o tema dos horarios da biblioteca xa plantexado noutras ocasións e considera que a apertura dos edificios é un parche que non resolve.

A vicerreitora de Estudantes comparte a súa ambición sobre a apertura de biblioteca, lamenta que o Sr. Fariñas non teña podido acudir á reunión informativa no seu campus e ao

Consello de Goberno onde ela mesma informou sobre a apertura das bibliotecas, onde se deixou claro a postura deste equipo de goberno, onde conviven dous calendarios académicos.

Insiste o Sr. Fariñas no tema e entende que estamos nun momento transitorio pero considera que aínda quedan 4 anos de licenciatura, con case a totalidade dos alumnos matriculados nas mesmas.

Debátese sobre o tema.

A Sra. Riobó sinala que estivo presente na reunión co vicerreitor e non estivo de acordo coa proposta presentada.

A vicerreitora de Estudantes alega que non estando presente o vicerreitor do campus de Ourense que confronte o comentado pola Sra. Riobó é preferible adiar a cuestión para outro Consello de Goberno.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:50 horas do día 21 de decembro de 2009 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do reitor.

O reitor

A secretaria xeral

Alberto Gago Rodríguez

Esther M^a. González Pillado